



CIRCULAR INFORMATIVA 08-10-2021

Estimados pais/nais/titores/as, queremos informarles sobre os seguintes temas:

• **PROCESO DE RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR**

(Segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, DOG 29-09-21)

O xoves, 28 de outubro de 2021, ás 13:30h no vestíbulo da secretaría do centro, realizarase o sorteo público para a elección dos membros da Xunta Electoral, que estará formada por representantes de:

- Nais/pais/titoras/titores
- Profesorado
- Persoal da administración e servizos.

- O luns **11 de outubro**, Día do Ensino, é **día non lectivo**, seguindo a Orde do 19 de maio de 2021, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 21-22. Regresamos ás clases o mércores 13, xa que o martes 12 é festivo nacional.

- **SAMAÍN**: O vindeiro **29 de outubro**, celebraremos no cole a “fin do verán”, unha das máis importantes tradicións culturais de Galicia: O SAMAÍN. O alumnado, poderá vir disfrazado da casa, empregando roupa vella que poidan “tunear” de zombis, esqueletos, cabazas... deixando voar a imaxinación. Non poderán traer complementos (como vasoiras de bruxa), seguindo o protocolo Covid do centro.



- **I FEIRA DA CABAZA**: dende o Proxecto Voz Natura, queremos unirnos este ano á I Feira da Cabaza que se celebra ao longo de todo o mes de outubro no municipio de Tui. Queremos dar a coñecer a variedade de cabazas, un produto autóctono, de moi fácil coidado e que ofrece moitas posibilidades, dende decorativas a gastronómicas.



Gustaríanos dende o centro, facer a nosa propia exposición de cabazas,

e para iso precisamos a vosa colaboración. Podedes achegarnos cabazas con formas ou tamaños orixinais, decoradas, obxectos que poidamos elaborar ou obter das cabazas (esponxas, Cabelo de anxo...). Deixamos liberdade á vosa imaxinación.

- **MAGOSTO**: o 29 de outubro, ademais do Samaín, celebraremos no centro o Magosto. Aproveitaremos ese día para facer unha castañada nas aulas. Se algún membro da comunidade desexa colaborar para facer as brasas e asar castañas, será benvido. Recordade seguir as indicacións e recomendacións do protocolo Covid.



Un saúdo

A DIRECCIÓN